



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Organización e Avaliación de Institucións Educativas | Código | 652G01012 | |
| Titulación | Grao en Educación Infantil | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Formación básica | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Teasley Severino, Cathryn | Correo electrónico | cathryn.teasley1@udc.es | |
| Profesorado | Estévez Blanco, Iris Gómez Sánchez, Tania Fátima Sanchez Bello, Ana Teasley Severino, Cathryn | Correo electrónico | iris.estevezb@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es ana.sanchez.bello@udc.es cathryn.teasley1@udc.es | |
| Web | http://www.udc.es/dep/pdce/Cata/CV_Cata_e.htm | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia "Organización e Avaliación de Institucións Educativas" ten carácter de formación básica e impártese no primeiro cuatrimestre do segundo curso do Grao en Educación Infantil.</p> <p>Esta materia busca desenvolver no estudantado capacidades de descrición, análise, interpretación e valoración do funcionamento dos centros escolares. Pártese de que os centros son institucións complexas, reguladas por normas comúns, pero tamén dotadas de características singulares que fan que se constitúan en espazos privilexiados para o desenvolvemento profesional, a práctica da democracia e o cambio educativo. Para iso é necesario deseñar, desenvolver e avaliar proxectos de centro acordes con esa singularidade que contribúan á progresiva autonomía institucional.</p> <p>Esta materia garda relación con "Teoría da Educación", "Socioloxía da Educación", "Historia da Educación", "Atención á Diversidade: Aspectos Didácticos e Organizativos", "Educación Inclusiva e Multicultural" e, especialmente, coa materia de "Deseño, Desenvolvemento e Avaliación do Currículum" de 1º curso, dado que as dimensións didáctica-curricular e organizativa non poden entenderse de forma independente unha da outra.</p> | | | |
| Plan de continxencia | | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar. |
| A4 | Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas. |
| A8 | Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais que se propoñan. |
| A12 | Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá. |
| A13 | Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable. |
| A21 | Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6. |
| A23 | Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil. |
| A25 | Abordar análises de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais. |
| A26 | Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións. |



| | |
|-----|--|
| A27 | Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional. |
| A29 | Valorar a importancia do traballo en equipo. |
| A30 | Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais. |
| A31 | Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización. |
| A61 | Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias. |
| A62 | Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro. |
| A66 | Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Traballar de forma colaborativa. |
| B6 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo. |
| B9 | Autonomía na aprendizaxe. |
| B10 | Capacidade de análise e síntese. |
| B11 | Capacidade de busca e manexo de información. |
| B12 | Capacidade de organización e planificación. |
| B16 | Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes. |
| B17 | Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos. |
| B18 | Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas. |
| B22 | Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas. |
| B23 | Habilidades sociais para exercer o liderado na aula. |
| B24 | Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---------------------------------|-------------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Coñecer a organización dos centros nos que se imparte Educación Infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento | A4 A27 A31 | B3 B10 B16 | C4 C7 C8 |
| Analizar, contrastar e sintetizar información para coñecer as características e dimensións da escola como organización complexa | A13 A23 A26 A27 A31 | B1 B2 B10 B12 B16 | C4 C7 C8 |



| | | | |
|---|--|--|----------------------|
| Interpretar e valorar información sobre diferentes procesos organizativos que teñen lugar nos centros escolares (planificación, traballo en grupo, coordinación, participación, comunicación, toma de decisións, liderado, avaliación, etc.) | A13 A23 A26 A27 A29 A31 A62 A66 | B2 B3 B5 B7 B12 B16 | C8 |
| Coñecer e usar estratexias de resolución de problemas e conflitos que xorden nas organizacións educativas | A12 A13 A23 A30 | B2 B3 B5 B6 B7 B10 B16 B17 B18 B22 B23 | C4 |
| Desenvolver capacidades de argumentación, debate e colaboración para comprender o funcionamento organizativo das institucións educativas, valorando e respectando diferentes aportacións | A13 A21 A23 A66 | B2 B3 B5 B6 B7 B16 B24 | C4 C6 |
| Manexar diferentes fontes bibliográficas, lexislativas e documentais para enfrontarse á asignatura cunha actitude de indagación e contraste constante, co fin de entender as variables que inciden na organización de institucións educativas | A1 A4 A8 A13 A25 A27 A31 A61 A62 | B1 B3 B6 B9 B11 B12 B16 | C4 C6 C7 C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. A escola como organización: dimensións, funcións e características | 1a. O centro como organización para o desenvolvemento do curriculum e do ensino. 1b. Dimensións constitutivas da organización escolar. 1c. Funcións da escola. 1d. Trazos característicos dos centros escolares. 1e. Enfoques para a comprensión das organizacións. |
| 2. Políticas educativas e reformas escolares no sistema educativo español | 2a. Incidencia das políticas educativas e das reformas escolares na organización e avaliación da Educación Infantil. |



| | |
|---|---|
| 3. Contexto, estrutura e cultura organizativa | <p>3a. O contexto organizativo: entre o local e o global.</p> <p>3b. Estruturas organizativas de goberno, xestión, participación e coordinación.</p> <p>3c. A organización do alumnado: admisión, agrupamentos e promoción.</p> <p>3d. A organización da actividade escolar: contidos, estratexias pedagóxicas, espazos, tempos e recursos didácticos, con especial atención ao papel do ciber-espazo e as novas tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>3e. Cultura organizativa e desenvolvemento profesional e organizacional.</p> |
| 4. Planificación e avaliación para o cambio e a mellora nas organizacións escolares | <p>4a. Proxecto educativo, autonomía dos centros escolares e innovación.</p> <p>4b. Estratexias de avaliación de centros: avaliación externa, avaliación interna e estratexias combinadas.</p> |
| 5. A constitución da escola como institución democrática: poder e participación da comunidade | <p>5a. Escolas democráticas e diversidade.</p> <p>5b. A participación como exercicio de cidadanía.</p> <p>5c. Dificultades do proxecto participativo na escola.</p> <p>5d. As relacións nas organizacións educativas: conexión e colaboración entre os diferentes actores da comunidade educativa.</p> |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Presentación oral | A4 A13 A27 A31 B3 B5 B6 B7 B11 B12 B17 C4 | 1.5 | 10 | 11.5 |
| Traballos tutelados | A1 A4 A13 A21 A26 A27 A29 A30 A31 B2 B3 B5 B6 B7 B10 B11 B12 C4 C6 | 1.5 | 30 | 31.5 |
| Proba mixta | A4 A13 A27 A31 A62 B1 B2 B3 B7 B9 B10 B11 B12 B22 C4 C6 C7 | 2 | 23 | 25 |
| Análise de fontes documentais | A4 A13 A27 A31 B3 B11 B12 C4 C6 C8 | 1.5 | 30 | 31.5 |
| Discusión dirixida | A13 A27 B2 B3 B6 B7 C4 C6 | 7 | 0 | 7 |
| Aprendizaxe colaborativa | A12 A21 A30 A66 B5 B6 B16 B18 B23 | 9 | 11 | 20 |
| Sesión maxistral | A4 A13 A27 A31 C4 C6 C7 C8 | 9 | 0 | 9 |
| Simulación | A8 A13 A21 B2 B5 B6 B7 B24 C4 | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Obradoiro | B16 C4 C6 C7 | 6 | 0 | 6 |
| Estudo de casos | A4 A13 A23 A25 A27 A31 A61 B2 B3 B5 B6 B11 C4 | 3 | 3 | 6 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



| | |
|-------------------------------|---|
| Presentación oral | Exposición grupal dun guión/bosquexo do traballo tutelado, que terá lugar durante a semana anterior ao período non lectivo de Decembro-Xaneiro. |
| Traballos tutelados | <p>Realización en pequeno grupo dun traballo escrito, seguindo as orientacións dadas na aula e durante a presentación oral do guión do mesmo. Dito traballo consistirá na análise e relación de contidos abordados ao longo do cuadrimestre.</p> <p>Recoméndase a entrega dos traballos impresos sen plásticos de encadernación, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir bosquexos (racuños/borradores).</p> <p>Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.</p> <p>Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.</p> <p>Para máis información sobre a elaboración e entrega do traballo escrito, véxase o espazo da materia na plataforma Moodle.</p> |
| Proba mixta | A proba mixta consistirá nun exame, sen material, composto por preguntas de resposta breve e preguntas de desenvolvemento. Pode requirirse, ademais, a realización dun esquema ou mapa conceptual. |
| Análise de fontes documentais | Lectura e análise da documentación seleccionada como obrigatoria para traballar a materia. |
| Discusión dirixida | Debates e posta en común, en pequeno, mediano ou grande grupo, dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre. Estes debates versarán sobre o contido das fontes seleccionadas como material de traballo obrigatorio. Con carácter xeral, ese material deberá ser preparado fóra do horario de clase. |
| Aprendizaxe colaborativa | Consistirá en dinámicas de grupos variadas, que se empregarán nos debates, na análise das fontes realizada en grupo, nos traballos tutelados e na presentación oral. |
| Sesión maxistral | Exposición oral, por parte da docente, e con apoio de recursos audiovisuais, de contidos relacionados co temario da materia. |
| Simulación | Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflictivas onde intervieñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersonais, o comportamento, os valores e as actitudes. |
| Obradoiro | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. - No noso caso, procurarase organizar, xunto con outro profesorado do Grao, unha serie de obradoiros dirixidos por especialistas de diferentes pedagogías aplicadas a contextos actuais da práctica educativa nos centros de Educación Infantil. |
| Estudo de casos | Metodoloxía na que o suxeito é confrontado coa descrición dunha situación específica cun problema a ser entendida, valorada e determinada por un grupo de persoas a través dun proceso de discusión. O alumnado está perante un problema concreto que describe unha situación real de traballo, e debe ser capaz de analizar unha serie de eventos relativa a un determinado campo de coñecemento ou acción para dar unha resposta fundamentada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Traballos tutelados Proba mixta Presentación oral | Para preparar as actividades á esquerda, o estudantado, se o estima necesario, pode solicitar atención personalizada en clase ou en horario de titorías. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|--------------|--------------|------------|---------------|
|--------------|--------------|------------|---------------|



| | | | |
|---------------------|---|--|----|
| Traballos tutelados | A1 A4 A13 A21 A26 A27 A29 A30 A31 B2 B3 B5 B6 B7 B10 B11 B12 C4 C6 | ----- Para avaliar o traballo escrito teranse en conta os aspectos a seguir: ? Calidade da participación na preparación desta actividade (10%). ? Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva, corrección gramatical e formas correctas de fundamentar (de referenciar, citar e compór a bibliografía) (30%). ? Contido: comprensión das ideas básicas, dominio conceptual, uso dos contidos traballados ao longo do cuadrimestre, relacións entre eles (capacidade analítica e de síntese), creatividade e innovación nas propostas, calidade da participación na preparación desta actividade, e grao de fundamentación das fontes (referencias bibliográficas e bibliografía final) (60%). Para máis información sobre o traballo e o período de entrega, véxase o espazo da materia en Moodle. ----- | 40 |
| Proba mixta | A4 A13 A27 A31 A62 B1 B2 B3 B7 B9 B10 B11 B12 B22 C4 C6 C7 | ----- Na proba mixta especificarase o peso de cada pregunta. Nas preguntas de resposta breve teranse en conta a pertinencia e precisión da resposta, a claridade conceptual, e a corrección gramatical. Nas preguntas de desenvolvemento teranse en conta a pertinencia e organización do contido, o dominio conceptual, a conexión entre ideas, a claridade expositiva, e a corrección gramatical. ----- | 50 |
| Presentación oral | A4 A13 A27 A31 B3 B5 B6 B7 B11 B12 B17 C4 | ----- A presentación oral *individual* valerá o 2% da cualificación final e consistirá na calidade e cantidade de participación nas sesións de aula. A presentación oral *grupala* valerá o 8% da cualificación final e consistirá na presentación en micro-grupo, na sesión interactiva, do guión do traballo tutelado en vías de desenvolvemento. Participarán todas as/os integrantes do micro-grupo. Todas as presentacións grupais terán lugar durante as semanas anteriores ao período non lectivo de decembro-xaneiro. Para as mesmas, valoraranse os aspectos a seguir: ? Calidade da participación na preparación desta actividade. ? Relevancia e organización dos contidos expostos. ? Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). ? Nivel de comprensión dos contidos básicos. ? Capacidade analítica e de síntese. ? Claridade expositiva. ? Creatividade e innovación nas propostas. ----- | 10 |



Observacións avaliación

XERAL: Para aprobar a materia será necesario obter, como mínimo, unha puntuación de 5 (de 10) e asistir a clase polo menos o 80% do horario completo. Para que a presentación oral, o traballo tutelado grupal e a proba mixta entren no cómputo final, será necesario obter polo menos un 4 tanto no traballo grupal como no exame final. Se non se obtén polo menos un 4 no traballo, o exame pasará a pesar o 100%. Se non se obtén polo menos un 4 no exame, a cualificación final na primeira oportunidade será a do exame (máis información sobre a segunda oportunidade e a non asistencia, máis abaixo).

IMPORTANTE: O traballo grupal (oral e escrito) está pensado para subir a nota individual do exame; non para baixala. É dicir, se a presentación oral e o traballo grupal obteñen, conxuntamente, unha puntuación menor da do exame, a cualificación final basearase na puntuación do exame individual. Pero se a presentación oral e o traballo grupal obteñen, conxuntamente, unha puntuación igual ou maior que a do exame, as tres puntuacións entrarán no cómputo da cualificación final. Deste xeito, o traballo grupal non pode prexudicar o traballo individual.

A presentación oral e o traballo tutelado non se poden recuperar despois da primeira oportunidade de avaliación porque son actividades elaboradas a través da asistencia a clase e en grupo.

SEGUNDA OPORTUNIDADE: Quen non obteña a mínima puntuación no exame da 1ª oportunidade terá que presentarse tamén ao exame de xullo (da 2ª oportunidade) para superar a materia. Neste caso, o exame da 2ª oportunidade terá a mesma porcentaxe de peso que tivo a actividade previamente suspensa. É dicir, se conservarán as puntuacións das demais actividades aprobadas durante a 1ª oportunidade (con 4 ou máis puntos) para facer o cómputo da cualificación final da 2ª oportunidade.

NON ASISTENCIA: Quen non asista coa debida regularidade terá que poñerse en contacto coa profesora en cuestión e, para superar a materia, realizará o exame final, que lle valerá o 100% da cualificación final. Excepcionalmente, a profesora poderá permitir que a/o estudante en cuestión participe dalgún modo nas outras actividades de avaliación. En tal caso, ponderará o valor do exame final en función do grao e da calidade de participación nas demais actividades da materia.

```
@font-face {  
  }div.Section1 { page: Section1; }
```

Fontes de información



Bibliografía básica

- () . .

p { margin-bottom: 0.08in; }a:link { color: rgb(0, 0, 255); }p { margin-bottom: 0.08in; }a:link { color: rgb(0, 0, 255); }

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA (*As lecturas obrigatorias procederán de varias destas fontes.)PERSPECTIVAS XERAIS:ALBA PASTOR, C. (2016). Diseño universal para el aprendizaje: educación para todos y prácticas de enseñanza inclusiva. Madrid: Morata.ALONSO GIL, A. (Ed.) (2008). Las leyes educativas de la democracia: descripción y contraste 1985-2006. Madrid: Acción Educativa / Ministerio de Educación y Cultura (MEC).ÁLVAREZ MÉNDEZ, J. M. (2001). Evaluar para conocer, examinar para excluir. Madrid: Morata.ANTÚNEZ MARCOS, S. (2005). El sentido de la dirección en una escuela democrática. En M. A. Santos Guerra (Ed.), Escuelas para la democracia: cultura, organización y dirección de instituciones educativas (pp. 201-220). Santander: Consejería de Educación de Cantabria. Recuperado 12/05/2017 de: http://www.educantabria.es/docs/info_institucional/publicaciones/2005/Escuelas-Democracia.pdfAPPLE, M.W. (2002). Educar "como Dios manda": mercados, niveles, religión y desigualdad. Barcelona: Paidós.BELTRÁN LLAVADOR, F. e SAN MARTÍN ALONSO, Á. (2000). Diseñar la coherencia escolar. Madrid: Morata.BERMEJO, B. (2011). Manual de didáctica general para maestros de Educación Infantil y de Primaria. Madrid: Ediciones Pirámide.BERNAL, José Luis (Ed.) (2014). Organización de los centros educativos. LOMCE y políticas neoliberales. Madrid: Mira.BLANCO RÁBADE, M. e outros (2007). Un programa para educar na convivencia: ?Vivir Xuntos, Convivir?. Revista Galega da Educación, No. 39, pp. 22-33. BOURDIEU, P. (2000). Poder, derecho y clases sociales. Bilbao: Desclée CARR, W. (1996). Una teoría para la educación. Madrid: Morata.CHÁVEZ, L. e FRANKENBERG, E. (2009). Integration defended: Berkeley Unified's strategy to maintain school diversity. Berkeley: The Civil Rights Project / Proyecto Derechos Civiles CIDE / Instituto de la Mujer (2004). Mujeres en cargos de representación del Sistema Educativo. Madrid: CIDE / Instituto de la Mujer. Recuperado o 28 de xuño de 2013 de: [http://www.law.berkeley.edu/files/Integration_Defended_9.16.09\(1\).pdf](http://www.law.berkeley.edu/files/Integration_Defended_9.16.09(1).pdf).COLLET, J. e TORT, A. (Eds.) (2016). La gobernanza escolar democrática. Madrid: Morata.CONSERJERÍA DE EDUCACIÓN (2019). ¿Qué es una ecoescuela? Dossier informativo de la Red Andaluza de Ecoescuelas. Sevilla: Junta de Andalucía.DARDER, A. (2017). Freire y educación. Madrid: Morata.DELGADO RUIZ, F. (2015). La cruz en las aulas. Madrid: Akal.EDUCACIÓN PARA TODOS (EPT) (2009). Resumen: Superar la desigualdad. Por qué es importante la gobernanza. París: Ediciones UNESCO.ESSOMBA, M. À. (2008). La gestión de la diversidad cultural en la escuela: 10 ideas clave. Barcelona: Graó.ESTRUCH TOBELLA, J. (2008). Dirección escolar, corporativismo y profesionalidad, o de cómo un proyecto autogestionario acabó deborado por la inercia funcionarial. En Mariano FERNÁNDEZ ENGUITA e Eduardo TERRÉN LALANA (Coords.), Repensando la organización escolar. Madrid: Akal, pp. 171-203. FEITO ALONSO, R. (2011). Los retos de la participación escolar: elección, control y gestión de los centros educativos. Madrid: Morata. FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (Ed.) (2002). ¿Es pública la escuela pública? Barcelona: Cisspraxis. FERNÁNDEZ ENGUITA, M. e TERRÉN LALANA: E. (Eds.) (2008). Repensando la organización escolar: crisis de legitimidad y nuevos desarrollos. Madrid: Akal. FRÍAS DEL VALL, A. S. (2006b, Marzo). Los Consejos Escolares de Centro en nuestra reciente historia legislativa. Participación Educativa, Nº 1, pp. 8-17. Consultado o 21-02-2010 no URL: http://www.mec.es/cescs/revista/revista_1.pdf. FULLAN, M. (2016). La dirección escolar: tres claves para maximizar su impacto. Madrid: Morata. GARCÍA, Almudena (2017). Outra educación ya es posible: una introducción a las pedagogías alternativas. Ávila: Litera Libros.GARCÍA CABRERA, M. M. e OLIVARES GARCÍA, M. A. (2017). Vivir la escuela como un proyecto colectivo. Manual de organización de centros educativos. Madrid: Ed. Pirámide. GARCÍA CASTAÑO, F. J. e OLMOS ALCARAZ, A. (Eds.) (2012). Segregaciones y construcción de la diferencia en la escuela. Madrid: Trotta.GIMENO SACRISTÁN, J. (2003). La calidad del sistema educativo vista desde los resultados que conocemos. En J. GIMENO SACRISTÁN e J. CARBONELL SEBARROJA (Eds.), El sistema educativo: una mirada crítica (pp. 179-199). Barcelona: CissPraxis.GIMENO SACRISTÁN, J. (2013). En busca del sentido de la education. Madrid: Morata.GÓMEZ LLORENTE, L. (2004). De dónde venimos y a dónde vamos. Bosquejo de una trayectoria. En J. GIMENO SACRISTÁN e J. CARBONELL SEBARROJA (Eds.), El sistema educativo: una mirada crítica (pp. 13-38). Barcelona: Cisspraxis. GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. T. (2006). Las organizaciones escolares: dimensiones y características. En Mª Teresa GONZÁLEZ GONZÁLEZ (Ed.), Organización y gestión de centros escolares: dimensiones y procesos (pp. 25-40). Madrid: Pearson-Prentice Hall. GUIÓSÁN, E. (2009). Ética sin religión: para una educación cívica laica. Madrid: Alianza. HARGREAVES, A. (1996). Profesorado, cultura y postmodernidad (Cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid: Morata.HARGREAVES, A. e FINK,



D. (2008). El liderazgo sostenible: siete principios para el liderazgo en centros educativos innovadores. Madrid: Morata / Ministerio de Educación y Ciencia (MEC).

HERNÁNDEZ HUERTA, J. L. (2012). Freinet en España (1926-1939): escuela popular, historia y pedagogía. Valladolid: Castilla Ediciones.

HURTADO, C. (2015). La transformación educativa. Madrid: La Colmena.

IGLESIAS GALDO, A. (2010). Guía para practicar unha educación antisexista. A Coruña: Concellaría de Igualdade e Participación Cidadá.

IMBERNÓN, F. (2010). Las invariantes pedagógicas y la pedagogía: Freinet cincuenta años después. Barcelona: Graó.

JARES, X. R. (2005). Los conflictos en las organizaciones educativas. En M. Á. SANTOS GUERRA (Ed.), Escuelas para la democracia: cultura, organización y dirección de instituciones educativas (pp. 129-154). Santander: Consejería de Educación de Cantabria. Capítulo recuperado do URL: http://www.educantabria.es/informacion_institucional/publicaciones/escuelas-para-la-democracia-cultura-organizacion-y-direccion-de-instituciones-educativas-2005.

JOHNSON, D.W. e JOHNSON, R.T. (2014). La evaluación en el aprendizaje cooperativo: cómo mejorar la evaluación individual a través del grupo. Boadilla del Monte: SM.

LYNCH, K, BAKER, J. e LYONS, M. (2014). Igualdad afectiva: amor, cuidados e injusticia. Madrid: Morata.

MARTÍN RODRÍGUEZ, E. (1988). Supervisión educativa. Madrid: UNED.

MARTÍN RODRÍGUEZ, E. (2010). Mejorar el currículum por medio de su evaluación. En J. Gimeno Sacristán (Ed.), Saberes e incertidumbres sobre el currículum (pp. 620-636). Madrid: Morata.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, J. B. (2005). Educación para la ciudadanía. Madrid: Morata.

MELGAREJO, X. (2013). Gracias, Finlandia: qué podemos aprender del sistema educativo de más éxito. Barcelona: Plataforma.

MORENO SÁNCHEZ, E. (2005). Análisis de las organizaciones educativas desde la perspectiva de género. En M. Á. SANTOS GUERRA (Ed.), Escuelas para la democracia: cultura, organización y dirección de instituciones educativas (pp. 79-105). Santander: Consejería de Educación de Cantabria. Capítulo recuperado do URL: http://www.educantabria.es/docs/info_institucional/publicaciones/2005/Escuelas-Democracia.pdf

MOYA MAYA, A. (2002). El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo? realiza su trabajo. Archidona: Aljibe.

MURILLO TORRECILLA, F. J. e GÓMEZ MARTÍN, J. C. (2006). Pasado, presente y futuro de la dirección escolar en España: entre la profesionalización y la democratización. Revista Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación, Vol. 4, Nº 4, PP. 85-98.

NIETO CANO, J. M. (2006). Perspectivas teóricas de la organización escolar. En M. T. GONZÁLEZ (Ed.), Organización y Gestión de Centros Escolares: dimensiones y procesos (pp. 1-23). Madrid: Pearson-Prentice Hall.

PUELLES BENÍTEZ, M. de (2006). Problemas actuales de política educativa. Madrid: Morata [pp. 78-85].

PUELLES BENÍTEZ, M. de (2010). Educación e ideología en la España contemporánea. Madrid: Tecnos.

PUELLES BENÍTEZ, M. de (2017). Política, legislación y educación. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia. [Recurso electrónico]. Recuperado o 15 de xullo de 2018 de: <http://ebookcentral.proquest.com/lib/bibliotecaudcsp/detail.action?docID=5214574>.

PUJOLÀS MASET, P. (2001). Atención a la diversidad y aprendizaje cooperativo en la educación obligatoria. Archidona (Málaga): Aljibe.

PUJOLÀS MASET, P. (2004). Aprender juntos alumnos diferentes: los equipos de aprendizaje cooperativo en el aula. Barcelona: Octaedro.

ROBINSON, K. e ARONICA, L. (2016). Escuelas creativas: la revolución que está transformando la educación. Madrid: Debolsillo.

SAN FABIÁN MAROTO, J. L. (2003). Liderazgo ¿educativo? Organización y Gestión Educativa: Revista del Forum Europeo de Administradores de la Educación, Vol. 11, Nº 6, p. 35.

SAN FABIÁN MAROTO, J. L. (2006, Novembro). La coordinación docente: condiciones organizativas y compromiso profesional. Participación Educativa, Nº 3, pp. 6-11. Recuperado o 30 de xuño de 2013 de: http://personales.unican.es/osorojm/ficheros/GENERAL/DIALOGOS%202008/Coordinacion%20docente_SAn%20fabi an.pdf.

SAN FABIÁN MAROTO, J. L. (2014). Evaluar programas socioeducativos en tiempos de crisis: un enfoque organizacional. Oviedo: Trabe.

SAN MARTÍN ALONSO, Á. e BELTRÁN LLAVADOR, F. (2004). Las organizaciones escolares a prueba de reformas. En J. GIMENO SACRISTÁN e Jaume CARBONELL SEBARROJA (Eds.), El sistema educativo: una mirada crítica (pp. 145-158). Barcelona, Cisspraxis.

SANTIAGO, C. e MAYA, O. (2012). Segregación escolar del alumnado gitano en España (Informe). Madrid: Kamira / Fundación Mario Maya.

SANTOS GUERRA, M. A. (1993). Agrupamientos flexibles: un claustro investiga. Sevilla: Díada Editora.

SANTOS GUERRA, M. A. (1995). La evaluación: un proceso de diálogo, comprensión y mejora. Málaga: Aljibe.

SANTOS GUERRA, M. A. (2005). La escuela que aprende: retos, dificultades y esperanzas. En M. Á. SANTOS GUERRA. (Ed.), Escuelas para la democracia: cultura, organización y dirección de instituciones educativas (pp. 155-176). Santander: Consejería de Educación de Cantabria, pp. 163-184. En PDF, consultado o 9 de setembro de 2010 no URL:



http://www.educantabria.es/informacion_institucional/publicaciones/escuelas-para-la-democracia-cultura-organizacion-y-direccion-de-instituciones-educativas-2005. SANTOS GUERRA, M. A. (2007). Enseñar o el oficio de aprender: organización escolar y desarrollo profesional. Sevilla: MAD, pp. 19-21. SANTOS GUERRA, M. A. (2010): El Proyecto de Centro: una tarea comunitaria, un proyecto de viaje compartido. En J. GIMENO SACRISTÁN (Ed.), Saberes e incertidumbres sobre el curriculum. Madrid: Morata [pp. 294-310]. SANTOS GUERRA, M. A. (2015). Las feromonas de la manzana: el valor educativo de la dirección escolar. Barcelona: Graó. SLEE, R. (2012). La escuela extraordinaria: exclusión, escolarización y educación inclusiva. Madrid: Morata. STOBART, G. (2010). Tiempos de pruebas: los usos y abusos de la evaluación. Madrid: Morata. TERRÉN, E. (2001). El contacto intercultural en la escuela: la experiencia educativa de gitanos e hijos de inmigrantes en el área metropolitana de A Coruña. A Coruña: Universidade da Coruña. TONUCCI, F. (2015). La ciudad de los niños. Barcelona: Graó. TONUCCI, F. (2016). Cando os nenos din "Basta!". Pontevedra: Kalandraka. TORRES SANTOMÉ, J. (1996). Globalización e interdisciplinariedad: el curriculum integrado. Madrid: Morata. TORRES SANTOMÉ, J. (2001). La construcción de la escuela pública como institución democrática: poder y participación de la comunidad. En José GIMENO SACRISTÁN (Ed.), Los retos de la enseñanza pública (pp. 105-146). Madrid: Akal. TORRES SANTOMÉ, J. (2007). Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid: Morata. TORRES SANTOMÉ, J. (2011). La justicia curricular: el Caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid: Morata. TORRES SANTOMÉ, J. (2017). Políticas educativas y construcción de personalidades neoliberales y neocolonialistas. Madrid: Morata. TORT BARDOLET, A. e SIMÓ GIL, N. (2011). Escolarización, inmigración y territorio: algunas reflexiones. En GARCÍA CASTAÑO, F. J. e CARRASCO PONS, S. (Eds.), Población inmigrante y escuela: conocimientos y saberes de investigación (pp. 317-338). Madrid: Ministerio de Educación. TYLER, W. (1991). Organización escolar. Madrid: Morata. URRACO-SOLANILLA, M. e NOGALES BERMEJO, G. (2013). Michel Foucault: el funcionamiento de la institución escolar propio de la Modernidad. Anduli, 12, pp. 153-167. Recuperado 05/05/2017 de: http://institucional.us.es/revistas/anduli/12/art_9.pdf VARELA FERNÁNDEZ, J. (2001). La escuela y sus funciones: de la reproducción social a la producción de identidades. En J. GIMENO SACRISTÁN (Coord.), Los retos de la enseñanza pública (pp. 81-103). Madrid: Akal. VARELA FERNÁNDEZ, J. (Ed.) (2007). Las reformas educativas a debate (1982-2006). Madrid: Morata. VÁZQUEZ RECIO, R. (2013). La dirección de centros: gestión, ética y política. Madrid: Morata. VIÑAO FRAGO, A. (2004). Escuela para todos: educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid: Marcial Pons. VIÑAO FRAGO, A. (2014). Religión en las aulas: una materia controvertida. Madrid: Morata. EDUCACIÓN INFANTIL: ALCRUDO, P. (Ed.). (2012). Planteamiento, situación y perspectivas de la Educación Infantil de 0 a 6 años (Informe). Madrid: Plataforma estatal en defensa del 0-6. Recuperado 02 de xuño de 2013 de: <http://innovarteinfantilesp.wordpress.com/2012/10/17/informe-estatal-sobre-la-educacion-infantil/>. [Versión libro: ALCRUDO SUBIRÓN, P., ALONSO GIL, A., ESCOBAR ESTEBAN, M., HOYUELOS PLANILLO, A., MEDINA DE LA MAZA, A. E VALLEJO SALINAS, A (2015): La educación infantil en España: Planteamiento, situación y perspectivas de la educación de 0 a 6 años. Madrid: Escuela de Fantasía, S.L.]. ANTÓN, M. (Ed.): Planificar la etapa 0-6: compromiso de sus agentes y práctica cotidiana. Barcelona: Graó. ARIAS CORREA, A. e outros (2007). O proceso de adaptación. E ti... vas á escola? Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado 02 de Setembro de 2010 no URL: http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/proceso/oproceso/o_prodeso_de_adaptacion.pdf. ARLEQUÍN, E. I. M. (2008). Viviendo el barrio: haciendo escuela de 0 a 6 años. Barcelona: Octaedro / Associació de Mestres Rosa Sensat. AUSTIN, R. (2007). Deja que el mundo exterior entre en el aula. Madrid: Morata. BUCKINGHAM, D. (2013). La infancia materialista: crecer en la cultura consumista. Madrid: Morata. BERESALUCE DÍEZ, R. (2009). Las escuelas municipales de Reggio Emilia como modelo de calidad en la etapa de Educación Infantil. Alicante: Editorial Club Universitario. BRITTON, L. (2000). Jugar y aprender el método Montessori: guía de actividades educativas desde los 2 a los 6 años. Barcelona: Paidós. BROWN, B. (2010). Desaprender la discriminación en Educación Infantil. Madrid: Morata. CABANELLAS AGUILERA, I. et al. (2013). Territorios de la infancia: diálogos entre arquitectura y pedagogía. Barcelona: Graó. CARLSSON-PAIGE, Nancy; MCLAUGHLIN, GERALYN BYWATER e ALMON, JOAN WOLFSHEIMER (2015). Instruction in Kindergarten: Little to Gain and Much to Lose (informe). Alliance for Childhood / Defending the Early Years. Recuperado 15/07/2018 de: https://deyproject.files.wordpress.com/2015/01/readinginkindergarten_online-1.pdf CHARD, S., KAGAN, Y. e CASTILLO, C. A. (2019). El Aprendizaje por Proyectos en Educación Infantil y Primaria. Madrid: Morata. DÍEZ NAVARRO, C. (2008). Mi escuela sabe a naranja: estar y ser en la escuela infantil. Barcelona: Graó. ESCUELAS



INFANTILES DE REGGIO EMILIA (2011). La inteligencia se construye usándola. Madrid: Morata. GOLDSCHMIED, E. e JACKSON, S. (2000). La educación infantil de 0 a 3. Madrid: Morata. HOYUELOS PLANILLO, A. (2009, Noviembre). Ir y descender a y desde Reggio Emilia. Participación Educativa, No. 12, pp. 171-181. Recuperado o 13 de Xullo de 2011 do URL: <http://www.educación.gob.es/revista-cee/pdf/n12hoyuelos-planillo.pdf>. HOYUELOS PLANILLO, A. (2015). Complejidad y relaciones en educación infantil. Barcelona: Octaedro. MALAGUZZI, L. (2001). La educación infantil en Reggio Emilia. Barcelona: Octaedro / Associació de Mestres Rosa Sensat. MONTESSORI, M. (2003). El método de la pedagogía científica aplicado a la educación de la infancia. Madrid: Biblioteca Nueva. MORUNO TORRES, Paloma e VARAS MAYORAL, María (2017). El aprendizaje cooperativo en Educación Infantil. Barcelona: Anaya. LLEIXÀ ARRIBAS, T. (Coord.) (2001). La educación infantil 0-6 años: organización escolar. Barcelona: Editorial Paidotribo. OSORO, J. M. e MENG, O. (Coords.) (2009). Reggio Emilia: Educación Infantil 0-6 años: Hik-Hasi. Santander: PubliCan. PANIAGUA VALLE, G. (2009, Noviembre). El desarrollo de la Educación Infantil: un crecimiento costoso. Participación Educativa, No. 12, pp. 20-34 (pdf). PANIAGUA, G. e PALACIOS, J. (2005). Educación infantil respuesta educativa a la diversidad. Madrid: Alianza. PARRA ORTIZ, J.M. (2005): La educación infantil: su dimensión didáctica y organizativa. Granada: Grupo Editorial Universitario. PARRA ORTIZ, J.M. (2010): Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid: Garceta. (Unidade 8, pp. 138-159). PEÑALVER PÉREZ, R. (2009, Noviembre). El Plan Educa3: apostando por el primer ciclo de Educación Infantil. Participación Educativa, No. 12, pp. 8-19. Recuperado o 30 de xuño de 2013 de: <http://www.mecd.gob.es/revista-cee/pdf/n12-penalver-perez.pdf>. SÁNCHEZ BLANCO, C. (2010). Educación Infantil ou o culto á velocidade. Eduga: Revista Galega do Ensino, no. 58. Recuperado o 24 de xuño de 2014 de: <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/3438324.pdf>. SÁNCHEZ MULITERNO, J. (2009, Noviembre). El estado de la Educación Infantil en España: la opinión de los maestros y educadores infantiles. Participación Educativa, No. 12, pp. 56-73. Recuperado o 30 de xuño de 2013 de: <http://www.mecd.gob.es/revista-cee/pdf/n12-sanchez-muliterno.pdf>. VECCHI, V. (2013). Arte y creatividad en Reggio Emilia: el papel de los talleres y sus posibilidades en educación infantil. Madrid: Morata. VECCHI, V. (2017). Loris Malaguzzi y las escuelas de Reggio Emilia. Madrid: Morata. WILLIS, A. e RICCIUTI, H. (1990). Orientaciones para la escuela infantil de cero a dos años. Madrid: Morata. ZAVALLONI, G. (2011). La pedagogía del caracol. Barcelona: Graó.



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <p>Lp { margin-bottom: 0.08in; }a:link { color: rgb(0, 0, 255); }Bibliografía complementaria: Dispoñíbel desde a plataforma dixital (Moodle), xunto con outros recursos (revistas, webs, gravacións audiovisuais e lexislación de interese).Lexislación de particular relevancia: Recollida no "Dossier de Lexislación" en Moodle.Fontes audiovisuais e dixitais (páxinas web, vídeos, etc.): AFIN - Grup de Recerca Infàncies & Famílies (Universitat Autònoma de Barcelona - Repositorio virtual de documentos dixitais): https://ddd.uab.cat/record/78757ALDEA - Programa de ecoescolas da Junta de Andalucía: https://tinyurl.com/y6f22ckw.ALLEWAY, L. (Dir.) (1997): Testing Times (Documental). Da serie: Modern Times. Reino Unido, BBC / Lynn Alleyway: https://vimeo.com/80625352.ALLIANCE FOR CHILDHOOD (web): http://www.allianceforchildhood.org.CLASS SIZE MATTERS (web): https://www.classsizematters.org/.CRA Vixoi. (2013, blogue): Obtenido da Escola de Vixoi o 15 de xuño de 2013 de: http://escoladevixoi.blogspot.com.es/.DEY ? Defending the Early Years (web): http://DEYproject.org.ECOESCUELAS - Rede internacional e estatal: http://www.ecoesuelas.org/.InnovArte Educación Infantil (2013, blogue): Consultado o 15 de xuño de 2013 de: http://innovarteinfantilesp.wordpress.com/gallego/.Robinson, Sir Kenneth (2006-2013): Vídeo-clip: Cambiar los paradigmas de la educación - Discurso de Sir Ken Robinson - Xaneiro de 2010 (Banda deseñada: RSA Animate / Learning Cognitive): Con lexendas (subtítulos): http://www.youtube.com/watch?v=Z78aaeJR8no&feature=player_embedded. Doblado: http://vimeo.com/16669082. Charla en TED (2006 - Hai que seleccionar o español): http://www.ted.com/talks/ken_robinson_says_schools_kill_creativity.htmlVídeo-clip: La LOMCE según TONUCCI... (Entrevista - 10 mins. - 2 dec 2012): http://www.youtube.com/watch?v=F0IPsqozlglVídeo-clip: Bill Gates fala sobre a educación "en persoa" ou "on-line": http://www.youtube.com/watch?v=p2Qg80MVvYsDocumental: El sistema educativo finlandés ("The Finland Phenomenon") (documental completo con subtítulos en español - 2012): http://crudasociedad.wordpress.com/2012/10/31/documental-sistema-educativo-en-finlandia/ Vídeo-reportaxe - "Sistema educativo Finlandia, donde casi no existe la educación privada" - Ventanas del Falcón - 10 de agosto de 2012 - 12:30 mins.: http://ventanasdelfalcon.blogspot.com.es/2012/08/sistema-educativo-finlandia-donde-casi.htmlVídeo-reportaxe: "Cuestión de Educación" - Salvados - La Sexta - (3 feb 2013): http://www.lasexta.com/videos/salvados/2013-febrero-3-2013020300007.htmlDocumental: Somos Acó - Familias galegas e o declive da escola pública no rural - Vimeo (Nov. 2012 - 30 mins.): http://vimeo.com/53446341Documental: La educación prohibida - Red de Educación Viva - 2012: http://www.educacionprohibida.com/Artigo_sobre_o_documental:_La_educacion_prohibida,_o_disparen_contra_la_escuela_publica_-Eduardo_Mancini_e_Nilda_Varga_-_Viento_del_Sur_(blog)_-10_de_sep._de_2012_ http://atesociosanitario.com.ar/2012/10/la-educacion-prohibida-o-disparen-contra-la-escuela-publica/ @font-face { font-family: "Verdana"; }p.MsoNormal, li.MsoNormal, div.MsoNormal { margin: 0cm 0cm 0.0001pt; font-size: 12pt; font-family: "Times New Roman"; }div.Section1 { page: Section1; }</p> |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría da educación/652G01001
 Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo/652G01002
 Socioloxía da educación/652G01003
 Historia da educación/652G01006
 Educación inclusiva e multicultural/652G01011

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo/652G01002
 Historia da educación/652G01006
 Educación inclusiva e multicultural/652G01011
 Bases didácticas da educación especial inclusiva/652G01034

Observacións

p { margin-bottom: 0.08in; }a:link { color: rgb(0, 0, 255); }



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías